

ACTA NÚMERO: 38/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 29 de setembro de 2022 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Técnico Administración Xeral.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de setembro de 2022 (Reunión 37/2022).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". (Expte.- 2022038810).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).*
4. *Aprobación das valoracións acadadas no sobre "B" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022028982).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022028982).*

Non asiste os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 23 de setembro de 2022 (Reunión 37/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 23 de setembro de 2022 (Reunión 36/2022).

2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". (Expte.- 2022038810).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial 2022005968 de data 18/08/2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de agosto de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/09/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade".

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
- API MOVILIDAD, S.A.
- HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZERBIZUAK, S.A.
- IMESAPI, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.
- SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.



A Mesa de Contratación comprobou que as empresas API MOVILIDAD, S.A., HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZARBIZUAK, S.A. e IMESAPI, S.A., pertencen o mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE ÚNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	103.411,12 €	3%	36 MESES	NO	NO
API MOVILIDAD, S.A.	92.742,19 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZARBIZUAK, S.A.	100.192,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
IMESAPI, S.A.	94.887,90 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES VILLAR S.A.	88.498,47 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	92.704,00 €	2%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	95.400,00 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións das mesma, en particular no que se refiría ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxera para executar este contrato.

A empresa, SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A., presentou documentación relativa á xustificación da súa oferta económica desproporcionada, dando traslado da mesma ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Con data 23/09/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, recollendo que empresa SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada presentada, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	44,44	5,00	5,00	0,00	54,44
API MOVILIDAD, S.A.	74,89	5,00	5,00	5,00	89,89



LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZERBIZUAK, S.A.	53,50	5,00	5,00	5,00	68,50
IMESAPI, S.A.	68,61	5,00	5,00	5,00	83,61
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	75,00	5,00	2,50	0,00	82,50
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	67,11	5,00	5,00	0,00	77,11

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	API MOVILIDAD, S.A.	89,89
2ª	IMESAPI, S.A.	83,61
3ª	SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.	82,50
4ª	SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	77,11
5ª	HORNIDURIAK INSTALAZIOAK ETA ZERBIZUAK, S.A.	68,50
6ª	BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	54,44

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria nas EPs 9601, 9511, 9406, 9403, 9302, 9301, 9202, 9201, 9001, 0103 e 0101; mediante a instalación de barreiras de seguridade" á empresa API MOBILIDAD, S.A., (CIF A78015880) de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado92.742,19 €
 IVE (21%)19.475,86 €
 Importe Total 112.218,05 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa API MOVILIDAD, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 3236) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa API MOVILIDAD, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 4.637,11 €

3. ***Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente cos expedientes FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626 Do I.D.A.E. financiados nun 80 % polo FEDER a través do P.O.C.S. 2014-2020. (Expte.- 2022044656).***

O Secretario informa que a Xunta de Goberno a través de acordo adoptado na sesión do día 12 de agosto de 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/08/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do di 16/09/2022, procedeu a efectuar á apertura electrónica dos sobres "A"



correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura dos sobres “B” que contiñan a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

Empresas	Lotes aos que presenta oferta
Control y Montajes industriales CYMI SA	2,4 e 5
UTE Sociedad Española de construcciones eléctricas SA (Sece)-Eleukon Global SLU	1,2,3,4 e 5
Aceinsa Salamanca SA	4 e 5
Electricidad INMAC Condado SL	1,2,3,4 e 5
Montaxes Eléctricas Noroeste SL	3 e 5
Tecuni SAU	1,2,3,4 e 5
Prace Servicios y Obras SA	1,2,3 e 4

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 16 de setembro de 2022 acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Cooperación cos Municipios, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O xefe dos servizos técnicos de Cooperación cos Municipios en data 21/09/2022 emitiu dous informes, un relativo as irregularidades detectadas na documentación presentada no sobre “B” co CSV V8BR2XO34ZUIIRA, no que conclúe o seguinte:

“A la vista de lo expuesto en los apartados anteriores, en los que creemos haber justificado las causas, se solicita a la Mesa de Contratación que se pronuncie sobre la exclusión de las ofertas presentadas por:

- *ACEINSA SALAMANCA, S.A. (ACEINSA) (lote nº 4 e lote nº 5)*
- *CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. (CYMI) (lote nº 2, lote nº 4 e lote nº 5)*
- *MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (MEN) (lote nº 3 e lote nº 5)*
- *TECUNI, S.A.U. (lote nº 1, 2,3,4 e 5)*
- *UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. (UTE PRACE-NOVELEC) (lote nº 1, lote nº 2, lote nº 3 e lote nº 4).*

E outro, relativo á valoración da documentación técnica presentada polas restantes empresas licitadoras, co CSV VYGAZOYD7WSZVHE2 figurando as empresas ELECTRICIDAD INMAC CONDADO, S.L. e a UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (UTE SECE-ELEUKON), co seguinte resultado:



SOBRE B (máximo 35 puntos)		
LOTES	ELECTRICIDAD INMAC CONDADO, S.L.	UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (UTE SECE-ELEUKON)
LOTE 1	33,00 puntos	32,00 puntos
LOTE 2	33,00 puntos	32,00 puntos
LOTE 3	33,00 puntos	31,50 puntos
LOTE 4	33,00 puntos	32,00 puntos
LOTE 5	33,00 puntos	32,25 puntos

A Mesa de Contratación na reunión do día 23 de setembro de 2022, en base aos informes do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, D. Eugenio Marcote Carballo, de data 21/09/2022, acordou propor ó órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas que se relacionan a continuación nos lotes que se indican, motivado polo feito de que ofertan armarios con envolvente de poliéster reforzado con fibra de vidro (PRFV) en lugar de acero inoxidable (AISI-304, 2 mm de espesor), como figura no prego de prescripcóns técnicas particulares.

- ACEINSA SALAMANCA, S.A. (ACEINSA) (lote nº 4 e lote nº 5)
- CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. (CYMI) (lote nº 2, lote nº 4 e lote nº 5)
- MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (MEN) (lote nº 3 e lote nº 5)
- TECUNI, S.A.U. (lote nº 1, 2,3,4 e 5)
- UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. (UTE PRACE-NOVELEC) (lote nº 1, lote nº 2, lote nº 3 e lote nº 4).

Así mesmo na reunión do día 23 de setembro de 2022 a Mesa de Contratación tamén acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas demais empresas admitidas, ELECTRICIDAD INMAC CONDADO, S.L., e UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. – ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (UTE SECE-ELEUKON), e tamén procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondente os criterios de valoración automática o acadar as citadas empresas un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B, puntuación máxima 35 puntos).

Os valores ofertados polas empresas foron os seguintes:

Lote nº 1			
	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía



UTE SECE-ELEUKON	609.938,65€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO	629.465,80€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 2			
	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	627.105,41€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO	610.316,75€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 3			
	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	526.132,48€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO	491.728,68€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 4			
	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	458.418,63€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO	479.667,52€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 5			
	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	553.319,47€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO	557.270,33€	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

O resultado da valoración do sobre "B" (xuízos de valor) máis o sobre "C" (criterios automáticos) é a seguinte:



LOTE N 1	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
UTE Sece-Eleuknon	32	63,449	95,449
Electricidad Inmac Condado	33	58,8	91,8
LOTE N 2			
Electricidad Inmac Condado	33	59,016	92,016
UTE Sece-Eleuknon	32	54,879	86,879
LOTE N 3			
Electricidad Inmac Condado	33	59,233	92,233
UTE Sece-Eleuknon	31,5	48,846	80,346
LOTE N 4			
UTE Sece-Eleuknon	32	65	97
Electricidad Inmac Condado	33	58,464	91,464
LOTE N 5			
UTE Sece-Eleuknon	32,25	59,941	92,191
Electricidad Inmac Condado	33	58,867	91,867

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, a exclusión das ofertas presentadas polas empresas que se relacionan a continuación nos lotes que se indican, motivado polo feito de que ofertan armarios con envolvente de poliéster reforzado con fibra de vidro (PRFV) en lugar de acero inoxidable (AISI-304, 2 mm de espesor), como figura no prego de prescripcóns técnicas particulares.

-ACEINSA SALAMANCA, S.A. (ACEINSA) (lote nº 4 e lote nº 5)

-CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A. (CYMI) (lote nº 2, lote nº 4 e lote nº 5)

-MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE, S.L. (MEN) (lote nº 3 e lote nº 5)

-TECUNI, S.A.U. (lote nº 1, 2,3,4 e 5)

-UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. – NOVELEC RIAS BAIXAS, S.L. (UTE PRACE-NOVELEC) (lote nº 1, lote nº 2, lote nº 3 e lote nº 4), por irregularidades detectadas na documentación avaliable mediante xuízos de valor.

2. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas que continúan no procedemento convocado para contratación da renovación das instalacións de



iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020 que queda da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN	LOTE N 1	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	UTE Sece-Eleuknon	32	63,449	95,449
2ª	Electricidad Inmac Condado	33	58,8	91,8
	LOTE N 2	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	Electricidad Inmac Condado	33	59,016	92,016
2ª	UTE Sece-Eleuknon	32	54,879	86,879
	LOTE N 3	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	Electricidad Inmac Condado	33	59,233	92,233
2ª	UTE Sece-Eleuknon	31,5	48,846	80,346
	LOTE N 4	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	UTE Sece-Eleuknon	32	65	97
2ª	Electricidad Inmac Condado	33	58,464	91,464
	LOTE N 5	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1ª	UTE Sece-Eleuknon	32,25	59,941	92,191
2ª	Electricidad Inmac Condado	33	58,867	91,867

3. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos 5 lotes correspondentes ao procedemento aberto convocado para contratación da renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes cos expedientes FEDER EELL-2020-004168, FEDER EELL-2020-004561, FEDER EELL-2020-004515, FEDER EELL-2020-004530, e FEDER EELL-2020-004626 do IDAE financiados nun 80% polo FEDER a través do POCS 2014-2020”, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rixe no procedemento, ás seguintes empresas que acadan a máxima puntuación, polos seguintes prezos ofertados, e de acordo co seguinte detalle:



Lote nº 1	Precio sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	609.938,65 €	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 2	Precio sen IVE	Melloras	Prazo de garantía
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO (B-36380384)	610.316,75 €	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 3	Precio sen IVE	Melloras	Prazo de garantía
ELECTRICIDAD INMAC CONDADO (B-36380384)	491.728,68 €	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 4	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	458.418,63 €	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

Lote nº 5	Precio ofertado sen IVE	Melloras	Prazo garantía
UTE SECE-ELEUKON	553.319,47 €	Melloras incluídas na opción B	60 meses (no inferior a 12 meses ni superior a 60 meses)

4. Aprobación das valoracións acadadas no sobre “B” correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022028982).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 15 de xullo do 2022, aprobou o expediente de contratación para adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración, implantación e



mantemento dun sistema de xestión económica, financeira e patrimonial para a Deputación Provincial de Pontevedra. .

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 15 de xullo de 2022, aparecendo publicado o día 20 de xullo de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 138-394772), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de xullo de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, despois da calificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitida á empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (C.I.F.- A-81608077) e non admitidas, ningunha.

A Mesa de Contratación, na sesión do día 18 de agosto do 2022, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación aos técnicos do servizo de Intervención e Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Con data 14 de setembro de 2022, emítase informe conxunto de valoración, asinado pola Viceinterventora e o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías, (CSV: M4MKZV1FFLE31HFC), co seguinte resultado:

CRITERIO	Máximo	T-System
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN CONTABLE	16	0
• Cuadro de mando	2	0
• Módulo de proyectos de gasto	2	0
• Auditoría del Registro de factura	1	0
• Anticipos de Caja Fija y Pagos a Justificar	1	0
• Registro y tratamiento de facturas excluidas del circuito de pagos	1	0
• Control y seguimiento de gastos menores	1	0
• Fianzas en metálico formalizadas como descuento en el pago de facturas al contratista	1	0
• Operativa de reconocimiento, pago y endoso de las certificaciones de obra	1	0
• Gestión de tramitaciones anticipadas y de remanentes	1	0
• Gestión de endeudamiento	1	0
• Emisión de facturas	1	0
• Módulo de Indicadores de Gestión (BI)	2	0
• Módulo de recursos de otras entidades (ROE)	1	0
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN PATRIMONIAL	5,00	3,00
FUNCIONALIDADES DEL SISTEMA DE GESTIÓN DE CONTABILIDAD ANALÍTICA	2,00	1,5
ADECUACIÓN DE LA PLANIFICACIÓN DE LAS TAREAS A REALIZAR	2,00	2,00



DISEÑO Y METODOLOGÍA DE LA IMPLANTACIÓN DEL MÓDULO DE CONTABILIDAD ANALÍTICA CON ESPECIAL REFERENCIA A LA FASE DE CON ESPECIAL REFERENCIA A LA FASE DE DISEÑO E ASESORÍA Y VALORACIÓN DE CARÁCTER PARTICIPATIVO DEL PROCEDIMIENTO, SINGULARIDAD Y ADAPTACIÓN A LAS ESPECIFICIDADES DE LA ENTIDAD.	2,00	2,00
DESCRIPCIÓN DEL EQUIPO DE TRABAJO PREVISTO PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO. IDENTIFICACIÓN DE LOS ROLES Y RESPONSABILIDADES DEL EQUIPO PROPUESTO.	2,00	1,00
PROPUESTA DEL PLAN DE SEGUIMIENTO Y CALIDAD	2,00	0,50
PLAN DE MIGRACIÓN DE DATOS	2,00	2,00
PLAN DE GESTIÓN DEL CAMBIO Y PUESTA EN MARCHA DEFINITIVA	2,00	2,00
ADECUACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN FORMATIVO CON ESPECIAL REFERENCIA A LA DURACIÓN, DIFERENCIACIÓN DE LAS EDICIONES EN FUNCIÓN DEL TIPO DE USUARIOS Y EL ENFOQUE PRÁCTICO.	2,00	2,00
ENTREGA DE MANUALES O MATERIA DE APOYO, CON ESPECIAL REFERENCIA A LA ELABORACIÓN DE UN REPOSITORIO DE VÍDEOS O TUTORIALES DE DISPOSICIÓN PERMANENTE Y ACTUALIZABLES, SERVICIO DE ATENCIÓN DIRECTA DE RESOLUCIÓN DE CONSULTAS VÍA E-MAIL Y/O TELEFÓNICO, ASÍ COMO AL TIEMPO DE RESPUESTA OFERTADO	3,00	1,00
CARACTERÍSTICAS DEL EQUIPO DE FORMACIÓN, EN ATENCIÓN A CRITERIOS DE TITULACIÓN, EXPERIENCIA PRÁCTICA Y FORMACIÓN.	1,50	0,00
GRADO DE CONECTIVIDAD E INTEGRACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LOS IMPLEMENTADOS EN LA DIPUTACIÓN (CIVIDAS, GESTIONA, SIT-GTT, NÓMINAS, ...)	4,00	2,50
GRADO DE INTEGRACIÓN Y AUTOMATIZACIÓN ENTRE LOS SISTEMAS OFERTADOS Y LAS PLATAFORMAS DE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO Y EL TRIBUNAL / CONSEJO DE CUENTAS	3,00	1,50
TOTAL	48,50	21,00

A Mesa de Contratación acorda:

- 1- Prestar conformidade, en base ao informe conxunto de valoración asinado pola Viceinterventora e o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías, (CSV: M4MKZV1FFLE31HFC), as puntuacións acadadas pola empresa, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. (C.I.F.- A-81608077) no sobre "B", correspondentes a documentación avaliable mediante xuidos de valor, do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra..
- 2- Propor ó órgano de contratación excluír a empresa T-Systems ITC Iberia S.A.U.; do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra, por non alcanzar a puntuación mínima de 24,25 puntos, no sobre "B" esixido no prego de cláusulas administrativas, para poder continuar coa licitación.



- 3- Propor ó órgano de contratación, que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra, por non alcanzar a única empresa presentada e admitida (T-Systems ITC Iberia S.A.U), a puntuación mínima de 24,25 puntos, no sobre “B” esixido no prego de cláusulas administrativas, para poder continuar neste procedemeto e poder efectuar a Mesa de Contratación a apertura electrónica do sobre “C” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos .

5. *Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022028982).*

O Presidente da Mesa de Contratación, decide retirar este asunto da orde do día ao adoptar a Mesa de Contratación no punto anterior o acordo de propor ó órgano de contratación, que se declare deserto o procedemento aberto convocado para a adxudicación do contrato para a subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra, por non alcanzar a única empresa presentada e admitida (T-Systems ITC Iberia S.A.U), a puntuación mínima de 24,25 puntos, no sobre “B” que se esixía no prego de cláusulas administrativas, para poder continuar neste procedemento e poder efectuar a Mesa de Contratación a apertura electrónica do sobre “C” correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e nove minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

